



CAMPO DE VOLUNTARIADO “CAMIÑOS E PATRIMONIO CULTURAL” (CURTIS-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
28/8 - 8/09/2021	18-30	Estatal	Arqueoloxía	12

LOCALIZACIÓN

O concello de Curtis atópase no centro de Galicia, formando o límite oriental da provincia de A Coruña cá de Lugo, formando parte da comarca de Betanzos.

Arqueoloxicamente trátase dunha zona rica en xacementos arqueolóxicos de época prerromana, que van dende o Paleolítico ata época Contemporánea. Destacan as necrópoles de mámoas, moitas delas situadas nas terras máis altas do municipio ou os castros con cronoloxías da Idade do Ferro.



DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE VOLUNTARIADO

O feito de que o Camiño percorra estas terras danos a oportunidade de coñecer o territorio polo que transita a nivel histórico, polo que resulta especialmente pertinente a recuperación e revalorización dunhas rutas e camiños polos que transitar, posto que concorda cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural descritos na lexislación sobre os Camiños de Santiago.

O Camiño do Norte, tamén coñecido como Camiño Cantábrico ou Camiño Alto é o que percorre a cornixa cantábrica dende Irún a Compostela e unha das súas variantes pasa polo concello de Curtis, lugar onde se entrecruzarían as vías romanas que recorrerían entre Lugo e Padrón.

O obxectivo principal deste campo de voluntariado será actualizar o inventario tanto de xacementos arqueolóxicos como elementos etnográficos e/ou arquitectónicos dignos de mención e protección especial segundo as características de cada ben.

O traballo de campo consistirá en:

- Comprobación do estado dos distintos elementos de patrimonio cultural xa catalogados, a

localización correcta de elementos en cartografía actualizada así como marcaxe de novas incorporacións.

- Delimitación planimétrica de todos os elementos localizados e novos achados.
- Rexistro fotográfico dos elementos de patrimonio documentados.
- Elaboración de fichas individualizadas para os elementos con afeccións onde se darán os parámetros de identificación, situación, impactos e medidas correctoras individualizadas para cada un deles.
- Coñecer a orixe e significado das paisaxes ao longo da pre e protohistoria seguindo os métodos establecidos na Arqueoloxía da Paisaxe a tal fin.
- Observación da intervisibilidade entre diferentes xacementos arqueolóxicos, históricos e/ou paisaxísticos tanto dentro como fóra do termo municipal.
- Identificación da toponimia arqueolóxica que axuda a identificar novos xacementos aínda non inventariados.
- Recadación de posibles lendas vencelladas a castros, mámoas, etc. do municipio (mouras, tesouros, galiñas de ouro...).

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Visita o Castro de Frádegas.
- Visita e realización de calcos do único petróglifo catalogado no concello até o momento.
- Visita ao Museo da Terra de Melide, que contén boa parte da colección arqueolóxica da comarca.
- Visitas a xacementos en concellos veciños como é o Castro da Graña, Dolmen de Forno dos Mouros ou o Mosteiro de Santo Antoniño, sitios todos eles no municipio de Toques, en plena serra do Bocelo. Ou ao Campamento Romano da Ciadella (Concello de Sobrado dos Monxes).
- Visita ao Mosteiro de Sobrado dos Monxes.
- Obradoiros de arqueoloxía experimental/experiencial no que as persoas experimenten, por exemplo, coas decoracións das cerámicas que poderían atoparse nunha intervención arqueolóxica, elaboración de crisóis para fundición de metal, etc.

COMO CHEGAR

Por estrada:

- Servizo A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo, Empresa MONBUS (www.monbus.es). Tfno.: 902 292 900
 Compañía Autos Vázquez. Tfno.: 981 254 145
 Compañía Aucasa. Tfno.: 981 588 811

Estacións de autobuses:



CAMPO DE VOLUNTARIADO “CAMIÑOS E PATRIMONIO CULTURAL” (CURTIS-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
28/8 - 8/09/2021	18-30	Estatal	Arqueoloxía	12

A Coruña. Tfno.: 981 184 335
Lugo. Tfno.: 982 223 985
Santiago de Compostela. Tfno.: 981 542 416
Vigo. Tfno.: 986 373 411 (www.vigobus.com)
Ourense. Tfno.: 988 216 027
Ferrol. Tfno.: 981 324 751

En tren:

A estación de Teixeira dispón de conexións diarias tanto de media distancia a A Coruña, Lugo como cara a Madrid e Barcelona.
RENFE (www.renfe.es). Tfno.: 902 240 202

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento será no Centro Etnográfico Río Mandeo en Teixeira (Curtis).

<http://www.curtis.gal/index.php/es/que-ver-es/centro-etno-grafico-del-mandeo>



INCORPORACIÓN

O primeiro día do campo, a partir das 16h no lugar do aloxamento.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, de familia numerosa ou de familia monoparental, OITENTA E DOS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50€)

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de traballo. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos e/ou do hospital en que estea ingresado o/a interesado/a ou no caso de ter que abandonar a actividade por motivos relacionados co

Covid-19 sempre e cando no transcurra máis del 50% dos días de duración do campo..

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, no seu caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas.
- Tapóns dos oídos para durmir.
- Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo Rroupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa axeitada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo (zapatillas, botas de montaña...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

www.facebook.com/xuventude.net

Servizo de Xuventude en Lugo. Tfno.: 982 294 599

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...

www.xacobeo.es. Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos

www.turgalicia.es. Portal de información turística de Galicia